

CONCELLO DE VIGO
ALCALDÍA

Expediente: 56/142

Orzamento: 2019
Expediente N.º: 56/142
Asunto: Aprobación das Liñas Fundamentais do Orzamento
Procedemento: Aprobación das Liñas Fundamentais do Orzamento
Data de iniciación do expediente: 24 de xullo de 2018

RESOLUCIÓN

De acordo co disposto no artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, abriuse a plataforma do Ministerio de Facenda para remitir as liñas fundamentais do Orzamento do ano 2019.

ANTECEDENTES


O artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/2012, en adiante (LOEOeSF), establece que antes do 1 de outubro de cada ano, as Comunidades Autónomas e Corporacións Locais remitirán ao Ministerio de Facenda e Función Pública información sobre as liñas fundamentais que conterán os seus Orzamentos, a efectos de dar cumprimento aos requirimentos da normativa europea.

O artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, redactado polo apartado nove do artigo único da Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, establece que antes do 15 de setembro de cada ano remitiranse as liñas fundamentais do orzamento.

Con data 24 de xullo iniciouse o procedemento para a formación e aprobación das Liñas Fundamentais do Orzamento do ano 2018.

En cumprimento da Resolución de esta Alcaldía de 31 de xullo de 2018, polo Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda ditáronse as directrices para a proxección do Orzamento do ano 2019, que figuran no documento anexado ao expediente con data de sinatura de 01/08/2018 .





CONCELLO DE VIGO
ALCALDÍA

Expediente: 56/142

Coa data da sinatura electrónica que figura no informe, emitiuse pola intervención informe para valorar as Liñas Fundamentais do Orzamento.

Vista a proposta formulada polo Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, de conformidade co disposto no artigo 168.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar as Liñas Fundamentais do Orzamento elaborado por esta Entidade Local para o perímetro de consolidación nos termos do SEC - 2010, que servirán de base para a elaboración do Orzamento do ano 2019.

SEGUNDO. Remitir as Liñas Fundamentais do Orzamento do Concello de Vigo ao Ministerio de Facenda polos medios telemáticos habilitados ao efecto.

TERCEIRO. Dar conta da Resolución ao Pleno da Corporación, remitindo o expediente completo.

CUARTO. Notificar ao Sr. Interventor aos efectos de asinar a remisión das mesmas antes das 24 horas do día 14 de setembro de 2018.

LG/

En Vigo, a data da sinatura electrónica


O ALCALDE

ABEL R. CABALLERO ÁLVAREZ

Ante min,

A Secretaria do Goberno





CONCELLO DE VIGO
ALCALDÍA

Expediente: 56/142

ASINADO POR: Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2018-09-10T08:48:10+02:00 -

Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/01/2019 10:37	Páxina 3 de 3
Expediente 56/142	CSV: 2CE55F-CFE982-BC5F26-6RU8PM-JU3K1B-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		